

ESTUDO DE NECESIDADES FORMATIVAS E OCUPACIONAIS

Xuño de 2010

EQUIPO DE TRABALLO

PACTO TERRITORIAL DE EMPREGO DO SALNÉS

Dirección:

Teresa Pérez Fernández

Equipo técnico:

Paula Rama Morales

Purificación Pérez Rego

Administración:

Óscar Oubiña Sánchez

ÍNDICE

1.- Introducción [7]

2.- Obxectivos e fases de investigación [9]

3.- Enfoque metodolóxico [11]

4.- Análise de resultados [14]

- CNAE 5.- Pesca, acuicultura e servizos relacionados [17]
- CNAE 15.- Industria da alimentación, bebidas e tabaco [39]
- CNAE 45.- Construción [61]
- CNAE 52.- Comercio polo miúdo [83]
- CNAE 55.- Hostalaría [105]
- CNAE 74.- Outras actividades empresariais [127]

5.- A modo de síntese [151]

6.- Anexos [161]

1.- INTRODUCCIÓN

A investigación que se presenta neste documento, enmárcase no Plan de Traballo do Pacto do Salnés establecido no Decreto 98/2008 do 15 de maio, no que se crean e regulan os Pactos Territoriais de Emprego. Neste senso, permite coñecer a composición e as características do tecido empresarial, coa finalidade de detectar cales son as principais necesidades (formativas e ocupacionais) daquelas empresas que pertencen aos sectores de actividade con maior volume de emprego. Así mesmo, o estudo trata de dar resposta ás demandas do persoal técnico que traballa no ámbito territorial do Pacto do Salnés, que amosou o seu interese pola realización dunha análise que dea conta das necesidades das empresas da zona.

No tocante á estrutura do actual informe, hai que precisar que este se divide en catro apartados xenéricos:

- Obxectivos e fases de investigación.
- Enfoque metodolóxico adoptado para a consecución da información.
- Principais resultados acadados a través do traballo de campo realizado (emprendendo unha aproximación individual en cada un dos sectores).
- E un último epígrafe que sintetiza os datos cualitativos obtidos nas actividades obxecto de estudo.


2.- OBXECTIVOS E FASES DE INVESTIGACIÓN

A través da posta en marcha desta investigación, **realizouse un estudo das necesidades formativas e ocupacionais existentes nas empresas dos sectores de actividade con maior incidencia no mercado laboral do Pacto do Salnés** (que abrangue os concellos de Cambados, Catoira, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Pontecesures, Ribadumia, Sanxenxo, Valga, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa). Concretamente, os obxectivos específicos desta análise céntranse en:

- Levar a cabo un diagnóstico de situación sobre as actividades produtivas máis relevantes da economía local, establecendo as características principais das empresas da zona.
- Coñecer a importancia da formación para o empresariado que desenvolve o seu traballo nos sectores de maior importancia do Pacto, así como a organización e transcurso dos cursos aos que asiste o persoal contratado.
- Determinar cales son as necesidades formativas deste tecido produtivo e en que medida estas están sendo cubertas na actualidade.
- Coñecer cales son as competencias e habilidades sociopersoais que demandan estas empresas á hora de contratar persoal.
- Determinar cales son as ocupacións que máis necesitan as organizacións empresariais nos sectores clave do Pacto, delimitando os perfís que teñen maiores dificultades para ser cubertos.

De seguido, preséntase un cadro resumo que da conta das etapas de estudo que se seguiron para acoutar a presente investigación.

Cadro 1.- Fases do estudo



En primeiro lugar, realizouse unha aproximación documental na que se consultou unha recompilación de estudos e investigacións sobre a análise de necesidades formativas e profesionais desenvoltas en distintos ámbitos produtivos, prestando especial atención aos requirimentos esixidos para o desenvolvemento dos postos de traballo.

Pola súa banda, a fase experimental da investigación emprendeuse a través dun sistema de captación directa da información articulado coa posta en marcha do traballo de campo mediante a realización de entrevistas en profundidade (tal e como se concretará no epígrafe metodolóxico), así como a través da codificación e validación posterior dos datos descritivos obtidos.

Unha vez rematado o traballo de campo, foi necesario validar e codificar a información obtida. O programa elixido neste estudo foi o Atlas.ti, un paquete informático para a análise cualitativa de datos que permite codificar e clasificar a información obtida. Esta ferramenta de traballo posibilitou o tránsito á fase analítica e facilitou a redacción do actual informe.

3.- ENFOQUE METODOLÓXICO

Tal e como se comentou no epígrafe anterior, na fase experimental desenvolveuse o traballo de campo que se materializou a través da posta en marcha dunha **metodoloxía** eminentemente **cualitativa**. En concreto, este enfoque ten como finalidade investigar a realidade social dende a perspectiva do “outro”, recolléndose as propias palabras das persoas, así como a súa conduta observable. A particularidade da mirada cualitativa reside no seu potencial para achegarse ao discurso espontáneo dos suxeitos, coñecendo como as persoas se aproximan aos fenómenos sociais e como os interpretan; motivos que fundamentan a elección desta metodoloxía para coñecer a percepción que ten o empresariado sobre a formación e a situación ocupacional existente. Neste senso, convén precisar que, a través do discurso sistematizado destes axentes, conséguese unha información máis rica e ampla que a obtida cunha técnica cuantitativa, especialmente cando a investigación se centra en expertos dun ámbito determinado.


Específicamente, dentro das técnicas de investigación cualitativa, elixiuse a **entrevista en profundidade ou semiestruturada** para o estudo de necesidades formativas e ocupacionais das empresas que levan a cabo a súa actividade no ámbito territorial do Pacto do Salnés. Nesta técnica desenvólvese unha situación de interacción entre a persoa que investiga e a entrevistada (informantes clave), trátase dunha conversa fluída ou encontro cara a cara, no que se formulan preguntas que permiten a resposta aberta da persoa entrevistada. Ao contrario do que acontece cando se fai unha enquisa, na entrevista en profundidade non se busca a individualidade do suxeito entrevistado, senón que o obxectivo é o de acadar o discurso - tipo que pode existir en distintas posicións sociais ou, neste caso, en diferentes sectores empresariais.

Para a aplicación deste estudo, decidiuse contactar con informantes clave que desenvolven a súa actividade en postos vinculados a recursos humanos, que coñecen as necesidades formativas e ocupacionais da organización, ou que ocupan postos de responsabilidade como xerencias ou direccións.

Para **seleccionar as entidades participantes** foi necesario establecer distintas variables de segmentación ou criterios que permitiron asegurar a heteroxeneidade da clasificación a realizar. Deste xeito, os elementos de referencia foron:

- Sectores de actividade produtiva.
- Tamaño das empresas a entrevistar.
- Concello no que desenvolven o seu traballo.

SECTORES DE ACTIVIDADE (CNAE a 2 díxitos)



En primeiro lugar, seleccionáronse os seis sectores de actividade que teñen un maior volume de emprego no ámbito territorial que abrangue o Pacto do Salnés, segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas do ano 1993¹ desagregada a dous díxitos.

Sectores seleccionados

- 1.- CNAE 5.- Pesca, acuicultura e servizos relacionados.
- 2.- CNAE 15.- Industria da alimentación, bebidas e tabaco.
- 3.- CNAE 45.- Construción.
- 4.- CNAE 52.- Comercio polo miúdo.
- 5.- CNAE 55.- Hostalaría.
- 6.- CNAE 74.- Outras actividades empresariais

En cada un dos sectores, seleccionáronse seis organizacións segundo o seu tamaño (partindo do directorio de empresas galegas -Ardán- elaborado polo Consorcio da Zona Franca de Vigo), de tal xeito que existise unha representatividade de todos os tamaños, elixindo: dúas entidades grandes, dúas medianas e dúas pequenas. Ao tempo, considerouse pertinente asegurar a representatividade municipal na selección evitando, na medida do posible, a redundancia de concellos. Tendo en conta que seis foron os sectores seleccionados e seis as empresas a elixir en cada unhas actividades, realizáronse **trinta e seis entrevistas en profundidade**.

Se ben a idea é que a persoa que entrevista formule os ítems na orde que considere oportunos, deixando que o informante cre o seu discurso libremente, é necesario definir con anterioridade ao encontro un **guión** flexible e dinámico, que se adapte ao discorrer da conversa. No caso do vixente estudo, deseñouse un guión -recollido no Anexo I- que se estrutura en catro bloques:

¹ Optouse pola clasificación do ano 1993 porque, cando se realizou a selección das empresas, os últimos datos dispoñibles correspondíanse con esta CNAE.

- Bloque 1: Caracterización da empresa.
- Bloque 2: Formación.
- Bloque 3: Requisitos para o desenvolvemento do posto de traballo.
- Bloque 4: Opinión sobre formación.

En primeiro termo, co ánimo de que a persoa entrevistada fose gañando en confianza e poder así contextualizar a realidade do sector obxecto de estudo, realizáronse un conxunto de preguntas articuladas ao redor das actividades que a empresa desenvolve, determinando cal é o seu ámbito de actuación territorial. Así mesmo, afondouse na estrutura da organización, o seu capital humano, a incidencia das novas tecnoloxías (e de ser o caso de I+D+i), a materialización da publicidade, a realización ou non de labores de exportacións, e a evolución da actividade respecto á competencia existente.

Nun segundo momento, indagouse na promoción de actividades formativas desenvoltas nos últimos dous anos, na organización e xestión habitual da formación, así como na previsión de actividades formativas a curto e medio prazo.

A continuación, preguntóuselle ao informante clave sobre as competencias que requirían os distintos postos de traballo da empresa, se existía ou non algún risco de perda de competitividade á hora de adaptarse aos novos requisitos legais, cales eran os perfís ocupacionais que tiñan maiores problemas para cubrir, e que requisitos ou melloras deberían introducir a medio prazo.

Nun último termo, incidíuse na opinión que tiña a persoa entrevistada sobre a formación, se considera de utilidade a actuación formativa, se ten coñecemento da oferta existente no Pacto do Salnés, e se hai unha implicación do empresariado do sector na formación do seu persoal.

Unha vez rematada a entrevista, realizouse un breve cuestionario final² que afonda nos factores que dificultan o acceso á formación da poboación traballadora, no catálogo de especialidades formativas promovidas polo Servizo Público de Emprego, e na posta en marcha ou non do crédito formativo anual (dotación económica que todas as empresas teñen para usar na formación do seu equipo, e que varía en función do número de persoas que traballen na entidade).

² No Anexo II recóllese un modelo de cuestionario aplicado, a modo de exemplo, ao sector do comercio polo miúdo.

4.- ANÁLISE DE RESULTADOS

De seguido recóllese o groso do estudo que dá conta dos resultados obtidos a través da aplicación de trinta seis entrevistas en profundidade nos sectores de actividade de Pesca, acuicultura e servizos relacionados; Industria da alimentación, bebidas e tabaco; Construción; Comercio polo miúdo; Hostalaría; e Outras actividades empresariais.

Deste xeito, a estrutura de presentación do vixente epígrafe divídese en dous apartados que pautan a exposición da información en cada un dos seis sectores analizados.

1. O primeiro é unha sección introdutoria, denominada **explotación de datos secundarios**, na que se presenta unha ficha resumo³ sobre a realidade da actividade produtiva en cuestión, recollendo a situación laboral, empresarial e formativa, dende un punto de vista cuantitativo. Isto é:

- A evolución do mercado produtivo segundo a poboación afiliada e parada, así como a presenza ou non de estacionalidade no sector, abrangendo os anos 2006 e 2008.
- A estrutura empresarial, dando conta do número de empresas existentes, da descrición de actividade realizada e da poboación contratada, ao longo do período 2006-2008.
- A estrutura produtiva no ano 2009, fundamentada na nova Clasificación de Actividades Económicas.
- E a formación profesional e universitaria relacionada co sector produtivo.

2. Nun segundo momento, en cada unha das seis actividades analizadas, preséntanse os resultados obtidos do **traballo de campo**. Chegados a este punto convén precisar que a información amosada ten un carácter fundamentalmente descritivo, de feito, o texto vai acompañado de citas textuais pertencentes ás distintas empresas entrevistadas. Así, a exposición da información cualitativa recabada divídese en catro epígrafes, coincidentes co guión da entrevista:

- Caracterización empresarial
- Asistencia a formación.
- Requirimentos para o desenvolvemento do posto de traballo
- Opinión sobre a formación existente.
- Para rematar, en cada un dos sectores, amósase un cadro sinóptico que comprende as principais conclusións extraídas do traballo de campo.

³ No Anexo III móstrase un apéndice metodolóxico que pretende facilitar a interpretación dos datos.

Cadro 3.- Estrutura e exposición do traballo de campo

